

Estimado/a Sr/a Alcalde/sa:

A Deputación da Coruña, dentro da súa programación deportiva para o ano 2025, pon en marcha unha campaña de esquí **na estación de VALGRANDE-PAJARES, destinada a 600 rapaces e rapazas da provincia da Coruña.**

As persoas participantes neste programa gozarán de 4 días con aloxamento e manutención, nun albergue a pé de pista e contarán con cursos de esquí e actividades complementarias na estación invernal de Valgrande-Pajares (Asturias).

Cada participante terá que inscribirse no seu concello de empadramento.

As idades das persoas participantes serán de entre 11 a 15 anos ambos os dous inclusive, cumpridos a 31 de decembro de 2024 e aboarán 85€ (oitenta e cinco euros) como cota de participación (que poderá ser asumida parcial ou totalmente polo concello de procedencia), para o que lles enviaremos o número de conta onde facer o ingreso, onde deberá constar o concepto "CAMPAÑA DE NEVE 2025, CONCELLO E NOME-APELIDOS".

Esta campaña terá comezo na segunda fin de semana de xaneiro e desenvolverase ao longo de seis quendas, segundo a distribución xeográfica.

A entrada dos rapaces/as na estación **será o venres antes do xantar e a saída o luns despois do xantar.**

O transporte dende a comarca, tanto de ida como de volta, está incluído na oferta; os puntos da comarca onde se efectuará a ida/volta notificaranse con suficiente anticipación, no portal de deportes da páxina web da Deputación da Coruña.

A Deputación responsabilízase da maior parte dos gastos ocasionados pola actividade; transporte dende o punto de recollida en cabeceiras de comarca, estancia, manutención, monitores, clases de esquí, seguros, alugamento de material, remontes mecánicos na estación e actividades varias.

Os Concellos deberán adherirse ou renunciar á participación na Campaña antes do 15 de Novembro ao través do expediente xerado na plataforma Subtel.

Nesta campaña de neve 2025 ao Concello de **TEO** correspóndenlle **11** prazas na **6^a** quenda a cal transcorre dende os días **14** ao **17** do mes de **FEBREIRO** de 2025.

Os prazos que deberán seguirse durante a campaña de neve 2025 son:

- **Entre os días 8 de novembro e 2 de decembro desenvolverase o prazo para o proceso de inscrición no Concello.**
- **Entre os días 3 de decembro e 21 de decembro ás 14:00 horas enviarase ao través do expediente da plataforma SUBTEL toda a documentación requirida das persoas participantes.**

OS CARTEIS, TRÍPTICO E FORMULARIO DA CAMPAÑA ESTARÁN AO SEU DISPOR NO PORTAL DE DEPORTES DA PÁXINA WEB DA DEPUTACIÓN NO APARTADO DE CAMPAÑA DA NEVE.

Resumo das tarefas a desenvolver polo concello:

- Adherirse ou renunciar á Campaña de Neve Deputación de Coruña 2025 ao través do expediente da Plataforma SUBtel
- Realizar a campaña de difusión e captación de participantes.
- Facilitar os formularios de inscrición a quen o precise (descarga do portal da páxina web da Deputación, impresión e entrega).
- Recibir a documentación das persoas solicitantes.
- Realizar un sorteo público de prazas no caso de existir maior número de solicitudes que de prazas outorgadas ao seu Concello, tendo prioridade as persoas que nunca asistiran a campañas de neve de anos anteriores.
- Establecer unha listaxe de rapazada admitida e suplente.
- Comunicar ás persoas solicitantes a admisión ou inclusión na listaxe de suplentes.
- Cargar na plataforma SUBtel a información e documentación escanada e necesaria de cada unha das **persoas admitidas** xunto ao formulario nun único documento por persoa.
- Cargar os **datos e o número de teléfono de contacto** das suplentes. (En caso de vacantes de prazas a empresa adxudicataria contactará coas persoas suplentes, debendo posteriormente entregar a documentación necesaria no Concello para que proceda á inclusión na plataforma SUBtel)
- Unha vez se comunique o número de conta e sexa efectuado o aboamento da cota de inscrición, cargar o documento xustificativo no expediente da plataforma SUBtel.

Para calquera aclaración relacionada co programa, poden poñerse en contacto coa Sección de Deportes da Deputación de Coruña en deportes@dacoruna.gal ou no teléfono 981080319

Agardo que a presente oferta sexa do interese do seu concello.

Sen outro particular, reciba un cordial saúdo

Valentín González Formoso
Presidente da Deputación da Coruña